

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-226 AO SEU PASO POLA ALDEA DE MEIRA

Ao pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A seguridade vial é unha prioridade compartida e da que mesmo se ten falado xa en sesións plenarias desta lexislatura. A comezos do ano 2016, a Xunta de Galicia, titular da estrada autonómica PO-226, realiza un cambio na sinalización vertical no treito dende o km 0'1 ao km 1. ao seu paso pola aldea de Meira, aumentando o límite de velocidade máxima permitida de 50 Km/h a 70 Km/h. Isto supón un grave risco para os veciños e veciñas ao ser esta unha zona de poboación que ademais conta con dúas curvas de escasa visibilidade e non ten beirarrúas en gran parte do treito.

O Grupo Municipal de Veciñanza denunciou ante o Pleno da Corporación esta situación anómala. O Goberno Local recoñeceu no seu momento non ter constancia desta actuación adoptada pola Xunta sen ter en consideración as especiais características da zona. A partires desta advertencia solicitouse un informe técnico á Policía Municipal. Con sinatura do Oficial Xefe da Policía Local foi presentado no rexistro de entrada o 4 de maio de 2016 co nº 2190/2016, e do cal salientamos o seguinte:

“O tramo obxecto da limitación é un tramo de curvas sucesivas enlazadas con cambios de rasante e sen visibilidade, presentando mesmo intersección ao seu paso de vías municipais de acceso a lugares limítrofes (O Rogadío, Fontecova, A Ran...).

A vía non presenta solución de continuidade en canto á beirarrúas, presentando no punto máis



veciñanza

moción

conflictivo, este é, unha ese enlazada con estreitamento por edificacións antigas sen visibilidade, inexistencia de beirarrúa nin arcén e única zona de tránsito para os peóns que discorran pola vía. Ante as ditas carencias e ao tratarse dunha zona habitada con edificacións "a pé de vía" non se entende a modificación en canto á velocidade máxima do tramo. No seu lugar entendemos que se debería ter actuado sobre a limitación efectiva a 50 km/h. ou incluso reducila máis no punto de estreitamento e debería habilitar un paso de peóns coma mínimo a fin de garantir o cruce dunha beira a outra da vía con seguridade e promover a construción das beirarrúas dando solución de continuidade ao tramo."

Este informe sinala tamén que no concello de Moraña, na mesma vía PO-226, nun treito de semellantes características, si se mantén o límite de velocidade de 50 Km/h. e mesmo se trazaron pasos de peóns e contruíronse beirarruas. Entendemos que ante esta situación, creada pola Xunta de Galicia do Partido Popular, de forma arbitraria e irresponsable, é necesario esixir máxima responsabilidade no referido á seguridade vial

Por todo o exposto, propoñemos a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Concello de Cuntis a que esixa a reposición do límite de velocidade de 50 Km/h, tal e como estaba dende que se implantou a sinalización vertical, valorando incluso a posibilidade de reduci-lo.
2. Que o Concello de Cuntis esixa o adecentamento da PO-226 ao seu paso pola aldea de Meira, posto que debido ao seu estreitamento provoca un grave risco para os peóns que a utilizan a diario.
3. Remitir este acordo plenario á Consellería de Infraestruturas e Vivenda
4. Realizar dende o Goberno Municipal as acción necesarias para o cumprimento desta Moción

Cuntis, 19 de maio de 2017

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López